

O TRIBUNAL NOMEADO PARA SELECCIONAR AOS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL E ILEGAL.

- NO TRIBUNAL ESTÁ DESIGNADO UN AXENTE QUE E DELEGADO SINDICAL E INCUMPLE O ARTIGO 60 DO ESTATUTO BÁSICO DE EMPREGO PÚBLICO.
- POR PRIMEIRA VEZ EN MOITOS ANOS O XEFE DA POLICÍA NO ESTÁ NO TRIBUNAL, DEMOSTRANDO ASÍ FALTA DE CONFIANZA NA SÚA LABOURA.
- DENDE O PARTIDO POPULAR SEGUIMOS A ESPERA DA REUNIÓN DEFINITIVA ENTRE OS PORTAVOCES DOS GRUPOS MUNICIPAIS CO XEFE DA POLICÍA.

O Carballiño, 21 de abril de 2016.- As probas de selección de 4 auxiliares de Policía Local, para o que foi publicado este martes o tribunal sendo as probas xa este venres, non cumpren a legalidade ao ser nomeado entre eles a un axente de policía que é ademais delegado sindical representante dos funcionarios do Concello.

Nin o Concelleiro de persoal sabe as leis para facer nomeamentos nin o representante sindical sabe cales son as súas atribucións para aceptar ou non certos nomeamentos.

Resulta certamente sospeitoso que por primeira vez e dende fai moitos anos, non estea designado para este cometido o Xefe da Policía Local, evidenciando algo que xa vimos detectando dende fai meses e que non é outra cousa que existe unha falla de confianza total do equipo de goberno, alomenos do Concelleiro Adolfo Nogueira na persoa do Xefe da Policía Local.

Non entraremos a cuestionar si no tribunal están presentes funcionarios que foron en lista electorais pois consideramos que a independencia de cada quen nas súas funcións de traballador público, deben de estar garantidos.

O que si é certo e que estas probas que se aveciñan están baixo sospeita para o grupo municipal do PP, pois no só se nomea a un traballador que non pode ser membro do tribunal por razóns de incompatibilidade por ser delegado sindical, senón que ademais, temos constancia de que sobre esta persoa existe solicitude de apertura de un expediente sancionador por diversas desavenencias coa Xefatura da Policía Local.

O Concelleiro de persoal e responsable da Policía Local, demostra cada vez que pode que non comparte para nada as decisións do Xefe da Policía Local e está é unha proba máis, pero como case sempre, este Concelleiro extra-limitase nas súas funcións co beneplácito do Sr. Alcalde Francisco Fumega.

Queremos poñer tamén de manifesto ó **cambio non menos sospeitoso**, do feito de que se convoquen **primeiro as probas escritas** para pasar o primeiro corte e deixar para o **final as probas físicas cando o habitual é os máis transparente é o contrario**.

E con todo isto seguimos esperando a ser convocados para manter unha reunión cos portavoces e co Xefe da Policía Local para ter unha explicación máis polo miúdo do mal funcionamento da Policía Local do Carballiño, e aínda non entendemos o porque desta demora e como non se da convocado.

E polo que esiximos que se modifique este tribunal e se faga cumprir a legalidade.